

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 28/04/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 28/04/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21-abr-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/1453

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lidia Romero Areste, en representación de CRUZ ROJA ESPAÑOLA, solicitando autorización para ubicar mesas informativas en Praza de Galicia o día 6 de maio de 2025, de 09:00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1460

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por ARMERIA ACP SANTOS CAO S.A., para o subministtro de 1 chaleco balístico feminino lifemax feminino nivel NIH IIIA con funda exterior azul, por un importe total de 729,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1461

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por DIPETRINTA S.L., para ampliación do sistema existente de cámaras nas dependencias da Policía Local, por un importe total de 1.436,27€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1467

Dáse conta do escrito presentado por Dona Amelia Varela Artusio, en representación de ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, os días 15 de abril, 20 de maio, 17 de xuño, 15 de xullo, 5 de agosto, 16 de setembro, 07 de outubro, 11 de novembro e 9 de decembro de 2025 para realización de actividades.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1470

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas o día 17 de maio de 2025 na Praza da Liberdade con motivo da celebración do día das Letras Galegas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1473

Dáse conta de solicitude de Maria Goretti Fariña Caamaño e/n ONG Manos Unidas, para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 22 de abril de 2025, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1493

Dáse conta de solicitude de Asociación Cultural Mesa das Verbas para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 23 de abril de 2025, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1517

Dáse conta do escrito presentado por María del Carmen Alonso Fuentefria, solicitando autorización para celebrar un evento na beirarrúa fronte do establecemento "Avenida" sito na Avda Mariña nº64, o día 23 de xuño de 2025 en horario de 20:00 a 22:00 horas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá terse en conta que a instalación no poderá impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns,

PRP2025/1524

Dáse conta do escrito presentado por Don Alvaro Rodríguez Díaz, solicitando autorización para ocupación de vía pública Praza da II República, Praza da peixería e o aparcadoiro municipal da zona Tir, o día 08/05/2025 e o uso da Praza da II República o día 09/05/2025, con motivo da celebración do II Congreso de Mobilidade sustentable.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1540

Dáse conta de solicitude de Bloque Nacionalista Galego, para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para reparto informativo, o día 26 de abril de 2025, en horario de 10:30 a 13:30 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1553

O Servizo de Vías Públicas conta cunha cortadora manual e varios xeradores. A cortadora e un dos xeradores estragáronse e a súa reparación non é posible, xa que debido a súa antigüidade xa non hai os repostos necesarios. Ambas máquinas son esenciais para a realización dos traballos do departamento, especialmente coa incorporación de 18 novos traballadores do PLAN MAIS CONCELLOS 2025, o que causará un incremento da demanda de maquinaria.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR SL para a reposición de dúas máquinas por rotura, por un importe total de 2.260,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.62300, coa seguinte desagregación:

MATERIAL	MARCA E MODELO	IMPORTE IVE INCLUIDO
CORTADORA MANUAL	HUSQVARNA K970 III 14" 350MM/	1.326,16 €
XENERADOR GASOLINA	DAGARTECH DGH 5000 B 4.1 Kva /4.1 kW MONOFASE + KIT TRANSPORTE	934,73 €
IMPORTE TOTAL		2.260,89 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1581

O Concello dispón dun palco con máis de 30 anos de antigüidade. Co obxectivo de garantir o seu correcto funcionamento e seguridade, o Servizo de Obras realiza periodicamente tarefas de mantemento, reparación e reposición das súas pranchas. Non obstante, existen determinados compoñentes que, debido ao seu estado de deterioro, non poden ser reparados e precisan ser substituídos por pezas novas.

Polo Servizo de Vías Públicas propónse a reposición das seguintes pezas do palco:

- Brida sinxela para dúas patas
- Brida dobre para 4 patas

- Unións para os taboleiros de 10 cm de aluminio
- Escuadra de taboleiro
- T longa – varandas
- Parafusos tipo palomilla
- Pata telescópica de 40/40

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PRODUCCIONES SEGURANA S.L. con CIF: B44189231, por un importe total de 2.178,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213, para o subministro das pezas indicadas.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/1494

En sesión de data 28 de outubro de 2024, acordouse pola Xunta de Goberno Local poñer en marcha a campaña de Bonos Son da Casa 2024, cun orzamento total de 40.000,00 €, IVE incluído. Para o desenvolvemento da iniciativa, asinouse un convenio de colaboración coa Entidade Colaboradora “Asociación de comerciantes Centro Comercial Aberto, Zona Aberta”.

O prazo de duración do convenio estendeuse dende o día da aprobación da súa sinatura pola XGL, ata o 16 de marzo de 2025 (data final para presentación da documentación xustificativa por parte de Zona Aberta) .

O 5 de febreiro de 2025, en cumprimento do convenio asinado entre as partes, a entidade colaboradora presentou en tempo e forma xustificación final da iniciativa BONOS SON DA CASA 2024, aportando:

- Memoria final da actividade
- Extracto bancario acreditativo dos ingresos derivados da venda de bonos e das transferencias realizadas aos establecementos participantes, resultando un remanente a reintegrar de 1.575,00 Euros.

A xustificación presentada foi obxecto de revisión e informe polo departamento de Promoción Económica e fiscalizada polo departamento de intervención,

O 4 de febreiro de 2025, a entidade Zona Aberta acreditou o ingreso ao Concello da cantidade obxecto de reintegro (2.755,00 Euros), quedando unida ao expediente a documentación acreditativa de dito ingreso.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda ter por debidamente xustificado o cumprimento do obxecto do convenio por parte da entidade colaboradora, e por reintegrado ao Concello o remanente de 2.755,00 €.

PRP2025/1611

Dáse conta do escrito presentado por Dona Alicia Maria López, Orientadora Laboral, solicitando autorización para asistir ao I Encuentro Talento en Red, Orientando el Futuro Empleo, que organiza a Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa, o día 29 de abril de 2025 en Pontevedra, en horario de 9.00 a 14:00 horas, solicitando así mesmo o aboamento dos gastos de

desprazamento.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a asistencia solicitada, con aboamento dos gastos correspondentes.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/1625

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á Cota da Asociación Española de Festivales de Música Clásica, FestClásica, para o ano 2025, por un importe de 500,00 €, con cargo á partida 3261.489. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1634

Dáse conta de proposta do Director da Escola Municipal de Música para realización do período de admisión de alumnado novo para o curso 2025-2026 e a renovación de matrícula do alumnado matriculado no centro na actualidade.

O prazo establececese do 28 de abril ao 9 de maio para o alumnado de novo ingreso e a solicitude de praza realizarase preferentemente por vía telemática, agás os interesados que non dispoñan de medios que poderán achegar a documentación á secretaría do centro en horario de mañá de 10:00h a 13:30h.

A renovación de matrícula deberá realizarse do 12 ao 21 de maio, para os alumnos que xa cursan estudos no centro.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o calendario de matriculación da Escola Municipal de Música para o curso 2025-2026 e autorizar a dirección do centro para darlle publicidade.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/1554

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude, organiza un programa de Campamento Urbano de verán: Naturarte verán 2025 destinado a rapaces/as nados entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2015.

Esta actividade campamental consiste no desenvolvemento dun programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia e á mocidade que ten entre os seus fins promover que os/as máis mozos/as poidan gozar de espazos seguros para o ocio e desfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas medioambientais, de coñecemento e protección e promoción do patrimonio natural, artístico e histórico e lingüístico de Vilagarcía e a súa contorna.

Ao mesmo tempo, preténdese facilitar a conciliación das responsabilidades familiares, persoais e profesionais que garanta a igualdade de oportunidades.

Ofértase un programa de campamento urbano de verán: Naturarte verán 25 con 50 prazas. Do total das prazas ofertadas, 15% serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do concello.

O campamento desenvolveranse nas seguintes quendas de xullo e agosto de 2025 e nas seguintes instalacións ademais de na Illa de Cortegada, Castroalobre; parques e xardíns, praia Compostela

e outros puntos da contorna natural de Vilagarcía:

Poderase elixir entre participar todo o período: do 1 de xullo ao 14 de agosto, (de luns a venres excepto o festivo do 25 de xullo que non haberá actividade), ou elixir unha ou varias quendas que serían as seguintes:

- Quenda do 1 ao 15 de xullo (de luns a venres)
- Quenda do 16 ao 31 de xullo (de luns a venres excepto o 25 de xullo, festivo, que non haberá actividade)
- Quenda do 28 de xullo ao 14 de agosto

Horario: de 9.00 a 14.00 h

Lugar: Aulas-Seminarios do Auditorio e espazos naturais e da contorna de Vilagarcía

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar á empresa Oftefor C.B. -Corticata Turismo Medioambiental, a monitoraxe do Campamento Urbano de Verán: Naturarte Verán 2025, por un importe total de 14.850,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, de conformidade co orzamento presentado.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

Contratación de monitoraxe titulado.

Asumirán ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

2.- Aprobación das bases públicas do Servizo de Campamento Urbano de Verán: Naturarte 2025. O prazo de presentación das solicitudes será do 5 de maio ata o 15 de maio de 2025.

2.- A colaboración da Policía Local e Protección Civil nalgúns dos desprazamentos das actividades campamentais.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1547

Dáse conta da Proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente en relación coa necesidade tanto de substitución de varios bancos que se atopan na actualidade colocados ou que foron retirados por estar moi deteriorados como de almacenamento en stock co fin de axilizar a reposición no caso de futuras roturas ou deterioración.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa TARRIO Y SUAREZ S.L con CIF B-15090061 por un importe total de 12.105,90 €. (IVE incluído), con cargo á partida 1530.62500, polo subministro de vinte bancos (10 bancos de madeira e 10 bancos de aceiro cortén) para colocar en distintos parques e espazos públicos do término municipal (Celso Emilio Ferreiro, San Xosé, Trabanca Sardiñeira).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/1633

A través da liña 2 do Plan + Provincia da Deputación de Pontevedra realizamos cada ano a

programación de Muller e Cultura.

Ainda que este ano non temos todavía resolución da solicitude presentada, dáse por seguro o financiamento ao ser este un programa estable de financiación aos concellos.

Dentro da liña 2: gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello, temos solicitada a programación do Muller e Cultura 2025, que este ano imos adicar ás artes do movemento, á danza.

Esta acción enmárcase dentro do IV Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía, na área 2 de cidadanía activa das mulleres e apoderamento, que ten coma obxectivo xeral: “ visibilizar e favorecer a participación activa das mulleres nos distintos eidos ” favorecendo a Promoción de estratexias que visibilicen a mulleres en ámbitos culturais e deportivos e rachen cos estereotipos de xénero que sirvan de referentes”.

O orzamento total ascende a 6.652,94 €, superando en 96,44 € o importe solicitado á Deputación Provincial, polo que o citado importe será con cargo á Area de Igualdade.

Vista a proposta da Area de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos para a execución da Semana de actividades sobre o papel das mulleres na cultura e concretamente na danza:

Nº Operación	Fase	Fecha	Referencia	Proyecto	Aplicación	Importe	Tercero	Nombre Ter.	Texto Libre
920250003224	AD	15/04/2025	22025003026		2025 2312 22610	900,00 €	48112109L	PEREZ ENRIQUEZ ANA BEATRIZ	ADX. REPRESENTACIÓN DO ESPECTÁCULO ""ANFIBIA"" PARA A SEMANA DA MULLER E DA CULTURA O DÍA 9 DE MAIO DO 2025
920250003225	AD	15/04/2025	22025003027		2025 2312 22610	200,00 €	48112109L	PEREZ ENRIQUEZ ANA BEATRIZ	ADX. PARTICIPACIÓN FALADOIRO SOBRE A SITUACIÓN DA MULLER NAS ARTES EN MOVEMENTO NA SEMANA DA MULLER E CULTURA O 9/5/2025
920250003226	AD	15/04/2025	22025003028		2025 2312 22610	825,00 €	48116867Q	LAPORT RIVAS JULIA	ADX. REPRESENTACIÓN DO ESPECTÁCULO "" EXTENDER COMO SI PUDIERA "" NA SEMANA DA MULLER E CULTURA O DÍA 10 DE MAIO 2025
920250003227	AD	15/04/2025	22025003029		2025 2312 22610	250,00 €	48116867Q	LAPORT RIVAS JULIA	ADX. PARTICIPACIÓN FALADOIRO SOBRE SITUACIÓN DA MULLER NAS ARTES EN MOVEMENTO E CURSO DE DANZA OS DÍAS 9 E 10 MAIO 2025
920250003228	AD	15/04/2025	22025003030		2025 2312 22610	450,00 €	44474443X	SOTELO RODRIGUEZ NURIA	ADX. OBRADOIRO DE DANZA, CREACIÓN AUTOCOIDADO E PARTICIPACIÓN NO FALADOIRO NA SEMANA DA MULLER E CULTURA 2025
920250003230	AD	15/04/2025	22025003032		2025 2312 22610	2.000,00 €	G70529268	AC COLECTIVO RPM	ADX. REPRES. "" MAGNETO, UNHA IMPROVISACIÓN COLECTIVA A CATRO CORPOS "" E PARTICIPACIÓN FALADOIRO SEMANA MULLER E CULTURA
920250003232	AD	15/04/2025	22025003034		2025 2312 22610	300,00 €	44840918A	SABELA MENDOZA FERNANDEZ	ADX. MODERACIÓN DO FALADOIRO SOBRE A SITUACIÓN DA MULLER NAS ARTES EN MOVEMENTO NA SEMANA MULLER E CULTURA O 9/05/2025

920250003233	AD	15/04/2025	22025003035		2025 2312 22610	200,00 €	G94097508	ASOC. CULT. MUSICAL CODA	ADX PARTICIPACIÓN CON ESPECTÁCULO DE DANZA NA SEMANA DE MULLER E CULTURA O DÍA 11/05/2025
920250003234	AD	15/04/2025	22025003036		2025 2312 22610	176,47 €	07249895L	PIZARRO EXPOSITO GEMA	ADX. PARTICIPACIÓN CON ESPECTÁCULO DE DANZA NA SEMANA DA MULLER E CULTURA O DÍA 29 DE ABRIL DO 2025
920250003235	AD	15/04/2025	22025003037		2025 2312 22610	150,00 €	35483471Z	SAL COIRA, PAULA	ADX. PARTICIPACIÓN CON ESPECTÁCULO DE DANZA NA SEMANA DA MULLER E CULTURA O DÍA 29/04/2025
920250003236	AD	15/04/2025	22025003038		2025 2312 22610	150,00 €	G36106599	ASOC. CUL. PERLA DE AROSA	ADX. PARTICIPACIÓN CON ESPECTÁCULO DE DANZA NA SEMANA DA MULLER E CULTURA O DÍA 29 /04/2025
920250003237	AD	15/04/2025	22025003039		2025 2312 22610	176,47 €	35463322J	FONTAN CAEIRO, BEGOÑA	ADX. PARTICIPACIÓN CON ESPECTÁCULO DE DANZA NA SEMANA DA MULLER E CULTURA O DÍA 29/04/2025
920250003240	AD	15/04/2025	22025003041		2025 2312 22610	875,00 €	53820663L	VAZQUEZ RAMIREZ MARCIA	ADX REPRES. ESPECTÁCULO "" ONDE POUSA A HUMIDADE"" E OBRADOIRO DANZA NA SEMANA DA MULLER E CULTURA O DÍA 10 DE MAIO 2025

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2025/1576

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Breográn de O Piñeiriño, correspondente ao Centro Cultural de O Piñeiriño para o ano 2025, por un importe total de 1.999,98 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Servizo de limpeza a razón de 1 día a semana (os lunes 2 horas)	1.800,00 €	Ana Belén Díaz Casal.
Compra diverso material (segundo orzamento)	199,98 €	Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales)
TOTAL	1.999,98 €	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1578

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación MM.RR. Anduriña de Sobradelo, correspondente ao Centro Cultural de Sobradelo para o ano 2025, por un importe total de 1.998,62 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
----------	---------	----------

Servizo de limpeza un h vez ao mes de 3,5 horas	1.075,20 €	Magdalena Caeiro Castro
Compra diverso material (segundo orzamento)	932,42 €	Castromán I SL
TOTAL	1.998,62 €	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1580

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais e Consumidoras de Trabanca Sardiñeira, correspondente ao Centro Cultural de Trabanca Sardiñeira para o ano 2025, por un importe total de 2.000,00 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Servizo de mantemento e limpeza do Centro Cultural	2.000,00	AA.MM.RR. e Consumidoras de Trabanca Sardiñeira
TOTAL	2.000,00 €	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1582

Vista a solicitude de Jorge Puyuelo Barrios, en representación de Violín on tour AIE, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 3 de maio de 2025, durante todo o día, para a celebración do concerto a cargo do violinista ARA MALIKIAN "GIRA INTRUSO 2025" debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 60 €; Zona B: 56 €; Zona C: 46 € máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante. De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE DE SALA: De 08:00 a 14:00: 6 hs. De 16:00 a 22:00: 6 hs. De 22:00 a 23:00: 1 hs.	12 hs. x 10,20€ (estimativas) 1 hs. (incremento 25%) x 12,75€	122,40€ 12,75€	135,15€

OPERARIOS: (3) De 09:00 a 14:00: 5 hs. De 16:00 a 22:00: 6 hs. De 22:00 a 23:00: 1 hs.	12 hs. x 10,20€ x 3 operarios(estimativas) 1 hs. (incremento 25%) x 12;75€ x 3 (operarios)	367,20€ 38,25€	 405,45€
TAQUILLAS (2 persoas) De 14:00 a 21:00 h.	7 hs. x 10,20 hs. x 2	142,80€	142,80€
	TOTAL		948,10€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2025/1504

Dáse conta da proposta da Secretaria Xeral para adxudicar o contrato menor de subministro de papel para fotocopadoras das dependencias do Concello:

A piques de rematar o papel para fotocopadoras dos distintos departamentos do Concello, faise necesario dotar aos mesmos de papel DIN-A3 de 80 gr. para as distintas fotocopadoras das dependencias municipais co fin de levar a cabo o bo funcionamento desta administración.

O obxecto do contrato non se está a fraccionar para evitar as normas de publicidade contempladas na Lei de Contratos do Sector Público, xa que so se precisa subministrar papel para as fotocopadoras das dependencias do Concello en DIN-A3 de 80 gr.

Solicitadas dúas ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición do subministro de 5 caixas (25 paquetes de papel DIN-A 3 de 80 gr para as fotocopadoras das dependencias do Concello), presentaron oferta as seguintes empresas:

- Redinor S.L. cun importe de 220,30 € (IVE engadido)
- Paz Dismac, S.L. por importe de 275,28 € (IVE engadido)

O prazo de execución deste contrato menor de subministro será de 2 días.

E visto o que antecede, ao tratarse dun contrato menor de subministro de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS DO CONCELLO DE 5 CAIXAS DIN-A 3 DE 80 GR. CT 41/2025-e, á mercantil REDINOR, SL;, con NIF B36127405 por importe de 182,07 € (IVE excluído), 38,23 € (21% de IVE) cun importe total de 220,30 por ser a mellor oferta calidade-precio con cargo á aplicación orzamentaria 920-22000 do orzamento vixente.

PRP2025/1506

Dása conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para aprobación de gasto para "Estudo topográfico en Rúa Charco, parroquia de Rubiáns para acceso á Vía Verde:

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da subvención da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria Comercio e Turismo, no Eixo programático 1 (Transición Verde e Sostible), actuación nº 1, destinada á Restauración ambiental de ligazón Vía Verde para prox. ligazón a ciclovia, vai executar un novo acceso á vía Verde do Salnés desde a Rúa Charco (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra).

A adecuación deste novo acceso servirá para proporcionar unha accesibilidade ao 100% da

poboación, permitindo o goce da Vía Verde a todos os cidadáns.

A necesidade da presente contratación é a prestación dun servizo para a realización dun estudo topográfico no lugar de Ou Charco, Parroquia de Rubiáns para acceso a Vía Verde con planimetría e altimetría, ao obxecto de proporcionar o devandito documento á entidade redactora do proxecto técnico (Fundación de Ferrocarrís Españóis, F.S.P.) para a execución do novo acceso á Vía Verde do Salnés desde a Rúa Charco, xa que a empresa redactora, do citado proxecto, non contemplou no seu orzamento a realización de ningún estudo xeolóxico, geotécnico ou estrutural especializado das obras de fábrica existentes para o ditame de estabilidade e seguridade de túneles, viadutos, pontes, muros e desmontes ou terrapléns existentes, que deberán ser encargados separadamente do Proxecto. De igual maneira non incluíu ningún deseño de nova pasarela para o cruzamento con estradas existentes ou futuras, nin os levantamentos topográficos necesarios.

O contrato proposto cumpre co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación a:

-Xustifícase a necesidade dos traballos obxecto do contrato.

-Non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos límites contemplados no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, xa que o servizo para contratar inclúe unicamente o estudo topográfico no lugar de Ou Charco, Parroquia de Rubiáns para acceso a Vía Verde.

O presente contrato non foi fraccionado coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan. Así mesmo, declárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

O Concello carece de medios persoais e técnicos adecuados para a realización da medición topográfica que se precisa realizar, polo que se propón a contratación dos traballos de topografía mencionados anteriormente.

De conformidade coa providencia da Alcaldía de data 4 de marzo de 2025 e previa emisión pola Axencia Tributaria (Minerva) do correspondente informe de risco de conflitos de interese, no que se indica que todas as parellas decisoras-potencial beneficiario están en situación de bandeira VERDE, solicitouse orzamento á seguinte mercantil:

OFTEFOR, C.B. con NIF: E36418283

66/10000

Dentro do prazo de presentación de ofertas presenta a seguinte:

Sin IVA 650,00 €	IVA (21 %) 136,50€	Total (IVA inc.) 786,50€
---------------------	-----------------------	-----------------------------

O prazo de execución deste contrato será de 2 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- ADXUDICAR O CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DENOMINADO “ESTUDO TOPOGRÁFICO EN RÚA Ou CHARCO, PARROQUIA DE RUBIÁNS PARA ACCESO A VÍA VERDE”, FINANCIADO CON CARGO Á RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO POLA QUE SE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN Ao CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA AO AMPARO DO REAL DECRETO 1073/2021, DO 7 DE DECEMBRO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Ao FINANCIAMENTO DO PLAN NACIONAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS XACOBEO 2021, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, á mercantil OFTEFOR, C.B.,(NIF: E36418283) cun importe 650,00 € (IVE excluído), 786,50 € (21% IVE incluído) para a realización dun Estudo topográfico, en Rúa ou Charco para acceso á Vía Verde, con cargo á aplicación orzamentaria 134-6090018 (proxecto de gasto

2023/2/NEXT/1) do orzamento municipal vixente. A continuación, móstrase o compoñente, a medida, os fitos e obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ao que o contrato está adscrito:

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia	Política palanca	P05. Modernización e dixitalización do tecido industrial e da PYME, recuperación do turismo e impulso a unha España-Nación emprendedora.	
	Componente	C14. Plan de modernización e competitividade do sector turístico.	
	Medida (Inversión ou Reforma)	C14. I01. Transformación do modelo turístico hacia a sostenibilidade	
	Descrición	A inversión 1 ten por obxecto implementar actuacións de impulso da sostenibilidade turística na súa triple vertiente: medioambiental, socioeconómica e territorial; beneficiando aos destinos turísticos, aos axentes sociais e a os operadores privados do sector.	
	Proxecto	C14. I01. P02. Planes de Sostenibilidade Turística en Destino.	
	Descrición	A elaboración dos Planes de Sostenibilidade Turística en Destino, a través dos que se financiarán actuacións transformadoras no sector turístico nos ámbitos da transición verde, da transición dixital e da competitividade turística. Eixe programático 1. Transición verde e sostible Actuación 1: Restauración ambiental do enlace Vía Verde para prox. Enlace a ciclovia. Contrato asociado: CT 26/2025-e "ESTUDIO TOPOGRAFICO EN LG DE O CHARCO, RUBIÁNS PARA ACCESO VÍA VERDE	
	Subproyecto	C14. I01. P02. S14. Plan Nacional 2021 – PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa.	
	Hitos CID	Hito 220. Finalización dos Planes de Sostenibilidade Turística en Destinos.	
	Obxetivos CID	N/A	
	Mecanismo de verificación	220. Documento resumo que xustifique debidamente como se cumpriu satisfactoriamente o fito (incluídos os elementos pertinentes do fito, como se indica na descrición de fito e da medida correspondente no anexo CID). Devandito documento incluírá como anexo as seguintes probas documentais: a) listado de proxectos adxudicados e beneficiarios; e b) informe de progreso de cada proxecto, incluído o seu nivel de finalización (en %).	
	Descrición	Hito CID	As Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística. - Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021. - Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022. - Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023
		Obxectivo CID	N/A

PRP2025/1548

Dáse conta da proposta para adxudicar o contrato menor de obras de construción de marquesiña e outras obras no Campo de Fútbol de Berdón:

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada con data 20 de xaneiro de 2025, acordou aprobar o proxecto técnico denominado "Construción de marquesiña e outras obras no campo de fútbol de Berdón", redactado polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, cun importe de

licitación de 33.608,44€ (IVE engadido).

Mediante Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 10 de marzo de 2025, foi concedida subvención, por un importe de 33.608,44€, con cargo ao II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS para financiar o investimento denominado “Construción de marquesiña e outras obras no Campo de Fútbol de Berdón”.

As actuacións proxectadas enmárcanse nas accións que se están a impulsar dende o concello de Vilagarcía de Arousa co fin de mellorar a funcionalidade das instalacións deportivas municipais. Os traballos descritos teñen como obxecto a construción dun espazo cuberto que permita o uso máis cómodo e resgardado da cantina desta instalación deportiva. Tamén se procederá á substitución de placas turcas por inodoros de tanque baixo, a ampliación do muro de peche exterior da instalación e a reparación do canalón do graderío.

Concretamente, propónse como solución, a instalación dun soportal lixeiro apegado á fachada do edificio diante da porta e xanela de acceso aos aseos e á cantina. Realizarase mediante estrutura metálica con cubrición de panel sandwich metálico prelacado. Inclúe tamén a substitución de urinarios existentes de placa turca por inodoros de tanque baixo facilitados pola propiedade e a ampliación do cerramento de bloque que pecha a instalación polo noroeste e suroeste e instalación sobre el dun suplemento de malla metálica tridimensional. Tamén se contempla a substitución do canalón da cuberta do graderío que se atopa deteriorado

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 33.608,44€ (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.

Na presente proposta dáse cumprimento ao establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

- a) Xustifícase a necesidade dos traballos que se adxudican
- b) Non se altera o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais contemplados no artigo 118.1 da Lei 9/2017.

O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. Non se está a executar ningún outro contrato co mesmo obxecto. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local dispón no seu artigo 25 que os municipios teñen competencias propias en materia de “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” (apartado I). O artigo 26 da mesma norma establece os servizos de prestación obrigatoria para os municipios, incluíndo, para aqueles de máis de 20.000 habitantes, o servizo de instalacións deportivas de uso público.

Esta competencia xenérica complétase co disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril de deporte de Galicia, que recolle como competencias os municipios, entre outras, a seguinte: “(...)Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades”.

Por todo o exposto, considerouse xustificada a necesidade de levar a cabo os traballos descritos na memoria de referencia, sustanciándose como contrato menor de obras, co fin de levar a cabo a construción de marquesiña e outras obras no Campo de Fútbol de Berdón.

Vista a necesidade xustificada, remitíronse invitacións solicitando orzamento aos seguintes provedores: CONSTRUSER CESAR PAZ S.L., GRUPORESA S.L. e PLANIFICACIÓN DESARROLLO

Y GESTION DE CONSTRUCCIONES S.A.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, as mercantís CONSTRUSER CESAR PAZ S.L. e GRUPORESA S.L. non remitiron ningunha oferta. A outra empresa presentou a seguinte:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)	Mellora: aumento do prazo de garantía
PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A.	26.000,00€	31.460,00€	3 anos

Visto que, tal e como se facía constar nas invitacións remitidas ás citadas empresas, os criterios de valoración das ofertas son:

Oferta económica: Valorarase ata 60 puntos. Aplicarase a seguinte fórmula para realizar a valoración.

$$\text{Puntos} = (\text{prezo licitación} - \text{oferta a valorar}) \times \text{puntuación máxima}$$

(prezo licitación – oferta máis vantaxosa)

Aumento do prazo de garantía dos traballos, en:

- 2 anos.- Outorgaranse 20 puntos, aos licitadores que oferten este prazo de garantía
- 3 anos.- Se outorgarán 40 puntos, aos licitadores que oferten este prazo de garantía.

Vista a oferta presentada e aplicados os criterios de valoración, resulta a seguinte puntuación:

- Oferta económica: 60 puntos
- Aumento do prazo de garantía: 40 puntos

Tendo isto en conta,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Construción de marquesiña e outras obras no campo de fútbol de Berdón”, á mercantil PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (A36229557), por importe de 26.000,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 5.460,00€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 31.460,00€.

2.-Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como director de obra do investimento denominado CT 13/2025-e “Construción de marquesiña e outras obras no campo de fútbol de Berdón”.

PRP2025/1551

O servizo municipal de obras detectou varios tramos de beirarrúas do casco urbano de Vilagarcía de Arousa que se atopan seriamente deteriorados, co consecuente perigo que supón para as persoas que camiñan cada día polas mesmas.

Visto o anterior, e tendo en conta que este servizo de obras municipais carece de medios suficientes para poder atender estas tarefas, dende o Concello de Vilagarcía de Arousa plantéxase a necesidade de levar a cabo as obras necesarias para a reparación das citas beirarrúas, para o cal foi redactada memoria valorada polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González.

De conformidade co documento técnico de referencia, considérase que esta actuación, mediante a cal se levarán a cabo reparacións en pequenos tramos puntuais das beirarrúas de varias rúas do casco urbano de Vilagarcía de Arousa, é precisa para garantir a seguridade e evitar posibles caídas dos viandantes.

O proxecto contempla, en resumo, a realización de obras consistentes en arranxar as beirarrúas

do casco urbano de Vilagarcía de Arousa, nos tramos que presentan deterioro, para o cal se levarán a cabo tarefas de demolición e nova reposición de beirarrúa, con baldosa idéntica á existente, asentada sobre mortero e base de HM-20/B/25/I de 2 e 15 cm. de espesor, lechada, incluso preparación de asento e p.p. de bordillo C4 e acopio e retirada de escombros.

Segundo o recollido na memoria valorada, preténdese actuar nun total de 680 m2 de beirarrúa.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25 que os municipios teñen competencias propias en Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade (apartado d).

O artigo 26 da mesma norma establece os servizos de prestación obrigatoria para os municipios, incluíndo, para todos, con independencia do seu número de habitantes, o servizo de acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia nos seus artigos 80 e 81.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 48.055,79 € (IVE engadido).

O prazo de execución é de 1 mes.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto técnico denominado “Plan 2025 de reparacións de beirarrúas no casco urbano de Vilagarcía de Arousa”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cuxo importe de licitación (IVE engadido) ascende a de 48.055,79 €.

PRP2025/1574

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2024, acordou aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal D. Óscar Álvarez González, cun importe de licitación de 92.390,94 € (IVE engadido).

De conformidade co indicado no referido proxecto técnico, foi solicitada autorización sectorial de obras ou traballos no Dominio Público Hidráulico ou zona de policía de leitos a Augas de Galicia con data 23 de outubro de 2024 (registro de entrada 2024/3038561). Posteriormente, previo requirimento, presentouse documentación complementaria con datas 9 de xaneiro, 3 de abril e 7 de febreiro de 2025.

Con data 22 de xaneiro de 2025 (registro de entrada 2025000877) foi recibido do servizo Augas de Galicia requirimento de documentación adicional que, entre outros, solicitaba como documentación necesaria para poder continuar a tramitación da autorización: “achegar a solicitude de autorización de vertedura”.

O 27 de xaneiro de 2025 foi realizada solicitude (registro de entrada 2025/205014) ao servizo de Augas de Galicia para autorización de verteduras de Augas residuais (procedemento AU114A).

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 31 de marzo de 2025, acordou solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, a cantidade de 92.390,94€ para financiar o investimento “Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea”. A solicitude de subvención foi presentada ante o organismo provincial o 2 de abril de 2024.

Con data 1 de abril de 2025, registro de entrada do 3 de abril de 2025 (nº 2025005293), foi ditada Resolución pola Dirección de Augas de Galicia aos efectos de outorgar autorización ao Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución das obras de ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea.

Con data 8 de abril de 2025 (registro de entrada 2025005541) recíbese requirimento de Augas de

Galicia, indicando que a tramitación do procedemento autorización de vertido de augas residuais domésticas procedentes dun sistema de depuración asentado no lugar de Cea (clave PROV-16290) solicitada se atopa suxeito ao pagamento da taxa por servizos profesionais (modalidade administrativo-facultativa) prevista no artigo 32 da Lei de orzamentos da Comunidade autónoma de Galicia (código 31.30.11) e que debe autoliquidarse.

Os datos para a autoliquidación das devanditas taxas, de acordo co comunicado, son os seguintes:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
31.30.11	Autorización de vertidos	167,52€

Visto o que antecede,
A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o gasto relativo ao documento de pago das taxas esixidas polo servizo de Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, por un importe de 167,52,00€, para a tramitación da autorización de vertidos para a realización das obras de “Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea”.

2.- Ordenar o pago destas taxas con cargo á aplicación orzamentaria 920 22501.

PRP2025/1612
Dáse conta da proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Educación, para aprobación do expediente de contratación "Recuperación acceso Castro Alobre a través do parque Botánico Baldés Bermejo:

Contratación:	Recuperación acceso Castro Alobre a través do parque Botánico Valdés Bermejo
Número de expediente	CT 72/2023-e
Tipo de contrato	Obras
Procedemento	Aberto simplificado
Tramitación do expediente administrativo	Ordinaria
Tramitación do gasto	Ordinaria
Informe de necesidade	Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Educación
Órgano de Contratación	Xunta de Goberno Local
Aprobación del proxecto	Acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de setembro de 2023

Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 25 de setembro de 2023, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Recuperación acceso Castro Alobre a través do parque Botánico Valdés Bermejo», cun orzamento de execución por contrata de 210.746,58€

2.- Tramítase a instancia desta concellería, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto « Recuperación acceso Castro Alobre a través do parque Botánico Valdés Bermejo», ditándose Providencia de Incoación, con data 9 de abril de 2025.

4. No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de

necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico. Fundamentación xurídica.

Primeiro.- De acordo co establecido nos artigos 28 e 116.4 d) da LCSP, xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, a través da memoria xustificativa, asinado polo Alcalde.

Segundo.- A iniciación do expediente de contratación efectúase pola Alcaldía, en cumprimento do artigo 116.1 da LCSP.

Tercero.- Xustifícase, de conformidade co artigo 116.4 da LCSP: a elección do procedemento de licitación, a clasificación que se esixe aos participantes, os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo e o valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran.

